

Tema 1

O Início da Idade Media



Os pobos asentados máis alá das fronteiras do Imperio

A civilización romana desenvolveuse arredor do mar Mediterráneo, en zonas de clima temperado e terreos fértiles. Nas terras máis afastadas deste mar estableceuse un conxunto de pobos moi distintos, aos que os romanos chamaron *bárbaros*, que significaba «estranxeiros», pero tamén «rudos», «salvaxes» ou «incultos».

- Os **pobos xermanos**, como os alanos, os suevos, os vándalos, os francos e os ostrogodos, proviñan do norte e do leste de Europa. (1) Desprazáronse cara ao sur atraídos polo esplendor de Roma e na busca de terras fértiles e dun clima mellor. Dedicábanse fundamentalmente á gandaría, pero tamén explotaban os bosques e practicaban unha agricultura itinerante. Estas actividades obrigábalos a cambiar a miúdo de lugar de asentamento.
- Outros pobos, como os **hunos**, procedían das inhóspitas estepas de Asia e vivían principalmente da gandaría. Atacaban continuamente outros pobos, como os xermanos, polo que estes se foron achegando ás terras do Imperio na procura de protección.
- Máis alá das fronteiras do Imperio romano en África había extensos desertos, case deshabitados, onde só vivían algunhas **tribos nómades**.

APRENDO A MIRAR

- Observa o mapa e interpreta as lendas. **Escrebe** o nome dos pobos xermanos que aparecen representados.
- Elixe** un dos pobos xermanos e **describe** a ruta que seguiu.
- Explica** o que indica o límite que estableceu o emperador Teodosio marcado no mapa.
- Analiza**.
 - Que pobos xermanos se instalaron no territorio do Imperio romano de Oriente?
 - Que pobos chegaron á península ibérica?
 - Cales cruzaron o estreito de Xibraltar? Onde se estableceron?

A ameaza xermana e a partición do Imperio

Os xermanos adoitaban manter relacións pacíficas cos romanos. Por exemplo, vendíanlles ámbar, peles, madeira... e mesmo algúns formaban parte das lexións. Pero, en ocasións, acosaban as fronteiras do Imperio. Por iso, para protexelas, construíronse **fortificacións romanas** ao longo dos ríos Rin e Danubio.

A partir do século III, o Imperio romano atravesou unha **profunda crise** que supuxo un descenso do comercio e o estancamento da economía. Algúns pobos xermanos aproveitaron esta debilidade e cruzaron as fronteiras do Imperio. Uns grupos realizaron incursións de rapina, mentres que outros se asentaron pacificamente en territorio romano.

Ante a grave crise e a ameaza xermana, no ano 395 o emperador Teodosio dividiu o Imperio en dúas partes para facilitar a súa defensa: o **Imperio romano de Occidente**, con capital en Roma, e o **Imperio romano de Oriente**, con capital en Constantinopla. Cada territorio tiña o seu propio emperador e as súas institucións. En Occidente, os emperadores non deron freo as invasións, pero en Oriente o Imperio mantívose outros mil anos, aínda que pasou a chamarse Imperio bizantino.



2. Enfrontamento entre Odoacro e o rei ostrogodo Teodorico.

As invasións xermanas

A finais do século IV, os **hunos**, dirixidos por **Atila**, (3) derrotaron os xermanos e obrigáronos a refuxiarse dentro das fronteiras do Imperio romano de Occidente. Os emperadores de Occidente tiveron que pactar cos xermanos e ofrecerlles terras dentro do Imperio. (1)

Os hunos avanzaron ata a Galia, pero foron expulsados tras a batalla dos Campos Cataláunicos (451). Os **xermanos**, en cambio, **establecéronse definitivamente en territorio romano**. Axiña xurdiron enfrontamentos entre os novos pobos e a poboación romana. Ante a debilidade dos emperadores, **os pobos xermanos foron creando os seus propios reinos** dentro do Imperio romano de Occidente.

A autoridade imperial debilítase tanto que no ano 476 o xefe xermano Odoacro depuxo o último emperador romano de Occidente, Rómulo Augústulo. (2) Esta foi a fin do Imperio romano de Occidente.


COMUNICACIÓN

- Investigade** sobre Atila e **seleccionade** algúns feitos significativos da súa vida.
- Explicade** por que foi coñecido como o azoute de Deus.
- Pensade**. Que credes que significa a frase «por onde pisaba o cabalo de Atila non volvía medrar a herba?»

IDEAS CLAVE

- Enumera** as principais características dos pobos que habitaban máis alá das fronteiras romanas.
- Analiza** por que os pobos xermanos supuxeron unha ameaza importante para o Imperio romano a partir do século III e non antes.
- Indica** en que ano Teodosio dividiu o Imperio romano en dous e **explica** por que tomou esta decisión. **Solucionou** os problemas do Imperio? **Razoa** a resposta.

1. PRINCIPAIS POBOS XERMANOS E RUTAS DE INVASIÓN



FONTE: GEORGES DUEY, Atlas histórico mundial.



3. Encontro de León Magno e Atila, obra de Rafael (1513).

- 1.- Que ocorre na data do 395?
- 2.- Por onde pasa a liña que divide ao Imperio romano?
- 3.- Cales son os pobos que viven fóra do Imperio romano:
- 4.- Por que construían fortificacións os romanos ao longo dos ríos Rin e Danubio?
- 5.-Desde que século os pobos xermanos aproveitaron para entrar nas terras do Imperio?
- 6.-Quen empuxou aos xermanos a entrar nas terras do Imperio romano?
- 7.-De donde veñen os hunos? Gañaron ou perderon ante os xermanos ? Cando?
- 8.-Quen é Odoacro? Que cousa importante fai e cando? A quen derrotou?
- 9.- Por que é importante esta derrota?
- 10.- Escolle a ruta dos visigodos e indica de onde viñeron, por onde pasaron e onde se instalaron

2. Os reinos xermanos

A formación e consolidación dos reinos

Entre os séculos V e VII, o territorio que ocupara o Imperio romano de Occidente fragmentouse en diversos reinos independentes. (5) Visigodos, ostrogodos, vándalos, burgundios, suevos e alanos protagonizaron a primeira vaga de asentamentos que chegaron ata a península ibérica e o norte de África. Os reinos máis importantes desta etapa foron o ostrogodo, o visigodo e o burgundio. Todos, agás o reino visigodo, que perdurou ata o século VIII, tiveron unha curta duración.

Nunha segunda fase de invasións, os francos, os alamanos, os anglos e os saxóns fundaron reinos máis duradeiros ca os anteriores. Máis tarde, os lombardos establecéronse en Italia (4) e os ávaros, nas chairas de Europa central e oriental.


A organización política

Cada reino estaba gobernado por un rei. Ao principio, elixíao a nobreza e moitos reis eran depostos ou asasinados polos seus familiares, que aspiraban a exercer o poder. Co tempo, a monarquía fíxose hereditaria. Un **consello** asesoraba o monarca nos asuntos de goberno e axudábao a impartir xustiza.

Nalgúns territorios, destacaban os **duques**, que adoitaban ser xefes dos pobos que someteran e tiñan o mando militar. Nas cidades, os **condes** e os **bispos** tiñan moito poder.

Os xermanos rexíanse por **leis non escritas** que se transmitían de forma oral de xeración en xeración.

5. OS REINOS XERMANOS A FINAIS DO SÉCULO V



4. Rei lombardo (A) do século VI sentado no trono, rodeado dos seus guerreiros. (B)

IDEAS CLAVE

- Quen tiña a máxima autoridade política nos reinos xermanos? Valora se era un poder forte.
- Explica que función desempeñaban os duques.

APRENDO A MIRAR

- Observa o mapa e indica que reinos se formaron na península ibérica, na actual Francia e na península itálica.
- Localiza os anglos e os saxóns. En que zona se estableceron?

EXPLORA

O reino visigodo

No ano 409, suevos, alanos e vándalos invadiron a península ibérica. Pouco despois, o emperador romano de Occidente asinou un pacto cos visigodos para que os expulsasen de Hispania. Estes obrigaron os vándalos e mais os alanos a trasladarse ao norte de África e arrecuncharon os suevos no territorio da actual Galicia. Os visigodos, a cambio, recibiron terras no sueste da Galia, onde crearon un reino con capital en Tolosa.

No ano 507, os francos expulsaron da Galia os visigodos, que se desprazaron á península ibérica e fixaron a súa capital en Toledo. (6) O reino visigodo alcanzou a súa plenitude durante a segunda metade do século VI e a primeira metade do VII.

Como era a monarquía visigoda?


A monarquía visigoda era **electiva**. Isto explica as numerosas loitas polo poder, que, con frecuencia, desembocaban no asasinato dun rei para colocar outro no seu lugar.

O rei contaba coa axuda da **Aula Rexia** (un consello que administraba o palacio real) e dos **duques** e dos **condes**, que gobernaban as provincias e as cidades. As decisións relixiosas e políticas tomábanse nos **concilios**, onde participaban o rei, a Aula Rexia e o clero.

As formas de vida

As cidades despoboáronse e as actividades artesanais e o comercio decaeron. **A agricultura era a actividade económica principal**. Así, a maioría da poboación constituíana campesiñas e campesiños, que podían ser libres ou escravos. Os clérigos e os nobres ocupaban os cargos políticos e posuían gran parte das terras.

A desproporción numérica entre os preto de 100.000 visigodos asentados na Península e os cinco ou seis millóns de persoas hispanorromanas explican que aceptasen a lingua, a cultura e a relixión da sociedade hispanorromana.



7. Igrexa de San Pedro de la Nave (Zamora).



FONTE: FERNANDO GARCIA DE CORTAZAR, Atlas de Historia de España.

6. O REINO VISIGODO NO SÉCULO VI

A túa investigación

- **Infórmate** sobre os reis Leovixildo e Recaredo. Que aspectos destacarías sobre cada un dos seus reinados?
- **Pescuda** que é o *Foro Xulgo* e explica por que foi un texto importante.
- **Busca** información sobre as *Etimoloxías* escritas por santo Isidoro. Que recollíu obra? Quen foi o seu autor?

As manifestacións artísticas

O pobo visigodo construíu **pequenas igrexas de pedra** de pouca altura, como Santa Comba de Bande (Ourense), San Juan de Baños (Palencia), San Pedro de la Nave (Zamora) (7) e Santa María de Melque (Toledo), nas cales usaron o **arco de ferradura** e grandes bóvedas. A pouca decoración concentrábase nos capiteis, decorados con esculturas. Tamén destacou na **ourivaría** ou fabricación de obxectos con pedras e metais preciosos. (8)

11.- En que séculos se foron formando os reinos dos xermanos que entraron no territorio do Imperio romano

12.-Cales son os reinos máis importantes?

13.-Cal destes reinos durou máis, ata o século VIII

14.-Que pobo xermano se estableceu en:

- Península itálica:
- Centro de Hispania:
- NW de Hispania:
- Norte da Galia:
- Norte de África:

15.-Cando invadiron os vándalos, alanos e suevos a península ibérica?

16.-Cando chegaron os visigodos á península ibérica? Por que se marcharon da Galia?


17.-Quen dirixía aos visigodos? Como se denomina o seu sistema de goberno?

18.-Quen axudaba a gobernar ao monarca visigodo?

19.-A que se dedican economicamente os visigodos (fundamentalmente)

20.-Que idioma van falar, que costumes van practicar, os visigodos despois de se instalar na península ibérica? Por?

MAPA
POBOS XERMANOS



3. A sociedade rural xermana

A ruralización da economía

A sociedade xermánica tiña un **carácter rural**. As cidades perderon poboación e reducíronse a centros administrativos ou séis de bispados. A actividade comercial limitouse aos mercados locais, onde se intercambiaban produtos do campo. Por iso, a moeda case desapareceu.

A maioría da poboación era campesiña e vivía en **aldeas**, moitas veces fortificadas e formadas por casas de madeira cubertas con teitos de ramas e palla. (10) Gran parte da **terra**, que era a **fonte principal de riqueza**, estaba en mans das familias máis adifeiradas.

Os primeiros mosteiros, centros de cultura

Nesta época creáronse os primeiros mosteiros, onde vivían as monxas ou os monxes. (9) A vida cotiá xiraba neles arredor dunha **regra** ou conxunto de normas que organizaban o día a día. Unha das principais regras foi a adoptada por san Bieito no século VI.

Os mosteiros posuían extensos dominios, porque recibían doazóns a cambio das oracións dos monxes e das monxas. Ademais de **lugares de oración**, eran **centros de cultura**; dispoñían dunha escola e dun *scriptorium*, en que se copiaban manuscritos.



8. Fibula de metal e pedras preciosas pertencente ao tesouro visigodo de Torredonjimeno. A ourivaría foi a manifestación artística de maior desenvolvemento entre os pobos xermanos.

APRENDO A MIRAR

- Observa o debuxo. Describe como eran as vivendas e con que materiais se construían.
- Enumera as actividades que realizan os habitantes da aldea.
- Elixe un dos personaxes representados e **imaxina** como sería un día da súa vida. **Escrebe** un breve texto.

A relación coa poboación romana

Nos novos reinos, os xermanos eran unha minoría da poboación. Aínda que ao principio mantiveron as súas leis, os seus costumes e a súa relixión, fóronse mesturando lentamente coas poboacións conquistadas.

- **Apareceron novos idiomas.** Nos territorios máis romanizados, estas linguas baseáronse principalmente no latín e deron orixe ao galego, ao castelán, ao catalán, ao francés e ao italiano, entre outras. En cambio, nas zonas menos romanizadas, a influencia xermana foi maior, e as linguas daquelas rexións foron a base de idiomas como o inglés e o alemán.
- **Creáronse sistemas de leis que combinaban o dereito romano e os costumes xermanos.** Co tempo, puxéronse por escrito. Por exemplo, o rei visigodo Alarico reuniunas no *Breviario*.
- Algunhas monarquías xermanas convertéronse á relixión dos romanos, o **catolicismo**.




9. Mosteiro de Glendalough, en Irlanda, fundado no século VI.

IDEAS CLAVE

- **Explica** o que significa que a economía xermana estivese ruralizada.
- **Nomea** exemplos da fusión entre a poboación romana e a xermana.
- **Compara.** Parecíanse as aldeas xermanas ás cidades romanas?

10. A ALDEA XERMANA



3.- A sociedade rural xermana

- ✓ A sociedade xermanas eran **sociedade rurais**, é dicir viven no campo e fan actividades vinculadas ao campo como a agricultura ou a gandería (sobre todo)
- ✓ Case **non usan moeda**, intercambian produtos (os romanos empregaban moedas)
- ✓ Case **non existía comercio** xa que eran tempos inseguros, e comerciaban a nivel local (no mesmo pobo, ou con pobos cercanos)
- ✓ En xeral, esta etapa na que os pobos xermánicos ocuparon os territorios do Imperio romano de Occidente supuxeron unha **RURALIZACIÓN da vida**, da economía, da cultura..... (un empobrecemento)
- ✓ **Apareceron tamén os primeiros MOSTEIROS** (lugar onde residen monxes) que eran **centros económicos e culturais...** é dicir, adicábanse nestes mosteiros á produción agrícola, gandeira e ao estudio de cuestións relixiosas.
- ✓ Recorda que os xermanos fóronse convertindo ao cristianismo, así que acabarán construindo igrexas e mosteiros.

Como se formou o Imperio carolinxo

Os reis francos eran débiles e foron cedendo o poder aos principais funcionarios, que eran os **mordomos de palacio**. Entre estes destacou Carlos Martel, que venceu os exércitos musulmáns na **batalla de Poitiers** no ano 732. O seu fillo, Pipino o Breve, destronou o último monarca franco e fíxose consagrar rei. A este sucedeuno no ano 768 o seu fillo Carlomagno.

Carlomagno expandiu o reino: someteu os saxóns, conquistou o reino lombardo de Italia e apoderouse de territorios na península ibérica. (12) Ademais, presentouse como **defensor da cristiandade** e impuxo o cristianismo entre os pobos sometidos. Alcanzou tal prestixio que no ano 800 foi coroado **emperador de Occidente** polo papa. (13) Este foi o inicio do Imperio carolinxo.

A organización do Imperio

Carlomagno estableceu a súa capital na cidade de Aquisgrán, onde construíu o seu palacio. (11) Organizou o Imperio en **condados**, que adoitaban coincidir co territorio dunha cidade, e **marcas**, que eran territorios fronteirizos. (12) Á fronte deles estaban os **condes** e os **marqueses** elixidos directamente polo emperador, a quen xuraban fidelidade. Ademais, os **missi dominici** vixiaban os condes, marqueses e bispos máis poderosos.


As principais actividades económicas eran a gandaría e a agricultura. O reinado de Carlomagno constituíu unha época de **renacemento cultural**. Carlomagno era consciente do alto nivel de analfabetismo que existía, soubo rodearse dalgúns dos grandes sabios da época e creou escolas nos mosteiros. Isto trouxo consigo un período de riqueza e un aumento dos estudos literarios, xurídicos, artísticos e relixiosos.

Que aconteceu tras a morte de Carlomagno?

A Carlomagno só o sobreviviu un fillo, Luís o Piadoso. O seu reinado foi máis inestable ca o do seu pai e cedeu ás numerosas presións da Igrexa e a aristocracia. Todo iso, sumado ás continuas disputas entre os seus fillos, provocou que o Imperio comezase a desintegrarse.

Cando Luís o Piadoso morreu, o Imperio dividiuse entre os seus fillos: Carlos o Calvo recibiu a parte occidental; Luís o Xermánico, a zona oriental, e Lotario herdou o título de emperador e o territorio intermedio entre os outros dous. Os irmáns enfrontáronse para aumentar os seus territorios ata que asinaron o **Tratado de Verdún** no ano 843, que recoñeceu a repartición do Imperio. (14)

Tras a morte de Lotario, no ano 870, o seu territorio dividiuse entre os outros dous reinos. Esta foi a **orixe do reino de Francia e do Sacro Imperio Romano Xermánico**.



11. Capela palatina de Carlomagno. Formaba parte do palacio de Aquisgrán. Trono. (A) Deambulatorio. (B)

PATRIMONIO

- Investiga e busca imaxes da capela palatina.
 - Consérvase na actualidade?
 - E outras partes do palacio de Carlomagno?

IDEAS CLAVE

- Define **mordomo de palacio**, **missi dominici**, **marca**, **condado**.
- Á morte dun rei franco, o seu reino dividiase entre os seus descendentes. Analiza, a partir do exemplo de Carlomagno, as vantaxes e inconvenientes deste sistema.

Analizar o Imperio carolinxo a través de documentos



FONTE: National Geographic, Historia. A Europa medieval.

É a túa vez

- Le o texto. Que feito relata? En que ano tivo lugar? Analiza as súas consecuencias.
- Compara os mapas.
 - Con axuda do atlas, enumera os territorios actuais que abarcou o Imperio carolinxo.
 - Nomea as marcas. Onde se localizaban?
 - Que supuxo o Tratado de Verdún para o Imperio carolinxo? En que ano se asinou?
- Describe a evolución territorial que experimentou o Imperio carolinxo desde o reino dos francos ata o ano 843.

12. A EXPANSIÓN DO IMPERIO CAROLINXO

[...] Pareceulle ao papa León e a todos os presentes na asemblea que se encontraban, así como a todo o pobo cristián, que debían dar o nome de emperador ao rei dos francos, Carlos, que ocupaba Roma, onde todos os césares tiveran costume de residir, así como tamén Italia, a Galia e Xermania. Tras o consentimento previo de Deus omnipotente de colocar estes países baixo a súa autoridade, pareceu xusto [...] que levase en adiante o título imperial. Non quixo o rei Carlos rexeitar esta solicitude, senón que, someténdose con toda humildade a Deus, [...] recibiu este título e a consagración do papa León o día da Natividade do Noso Señor Xesucristo.



13. Carlomagno.

Annales Laureshamenses (Adaptación)



FONTE: BLANCA AZCÁRATE e outros, Atlas histórico e xeográfico universitario.

14. O TRATADO DE VERDÚN

4.- Do reino dos francos ao Imperio Carolinxio

1.- Quen era Carlos Martel??

2.- Quen era Pipino o Breve?

3.- Quen era Carlomagno? Que cousas importantes fixo?

4.- Como organizou Carlomagno o seu imperio? Onde puxo a capital? Mira no mapa onde está

5.- Que eran os missi dominici? Para que crees que os tiña Carlomagno?

6.- Que cousas importantes fixo Carlomagno en favor da cultura?

7.- Durou moito o Imperio de Carlomagno? Ata que ano? Que pasou?




Pipino el Breve

5. A evolución do Imperio bizantino

Como se gobernaba o Imperio bizantino?

Herdeiro do antigo Imperio romano, o Imperio bizantino durou máis de mil anos, en parte grazas á súa sólida estrutura. Na cúspide da organización estaba o **basileus** ou emperador, que concentraba todos os poderes.



Ademais, en todos os territorios do Imperio estaban vixentes unhas mesmas leis, recollidas no **Código de Xustiniano**.

O esplendor do reinado de Xustiniano

O Imperio bizantino alcanzou o seu esplendor en tempos do emperador Xustiniano, que gobernou, canda a súa esposa Teodora, (15) entre os anos 527 e 565. (17)

Xustiniano tratou de **reconstruír a unidade do antigo Imperio romano**. O seu exército derrotou os vándalos no norte de África, os ostrogodos en Italia e os visigodos no sur de Hispania.

Foi unha etapa, ademais, de **prosperidade económica**, que se reflectiu no embebecemento de Constantinopla, a súa capital. (20) Desenvolveuse o comercio polo Mediterráneo e acuñáronse moedas de ouro, que se converteron no principal medio de pago en Europa durante moito tempo. (19)

Tamén foi un período de **desenvolvemento cultural**. A localización da capital entre Asia e Europa e o gran desenvolvemento comercial permitíronlle recibir influencias de moi diferentes lugares.

17. EVOLUCIÓN DO IMPERIO BIZANTINO



15. Mosaicos da igrexa de San Vital de Rávena (Italia). Teodora. (A) Antonina, esposa do xeneral Belisario. (B) Dignitarios do goberno. (C)



16. SOLDADOS BIZANTINOS



18. A EXPANSIÓN DO IMPERIO BIZANTINO

As ameazas do Imperio e o lento declive

Os territorios conquistados por Xustiniano non se conservaron moito tempo. As crises económica, política e militar provocaron loitas dinásticas e a agresión de pobos estranxeiros. (18)

- No século VI, os **lombardos** expulsaron os bizantinos do norte e centro da península itálica.
- No século VII, os **visigodos** expulsaron os bizantinos da península ibérica.
- Durante os séculos VII e VIII, os **musulmáns** conquistaron a costa mediterránea de África, Siria e Palestina.

Co paso do tempo, gran parte do territorio pasou ás mans dos turcos. A principios do século XV, o Imperio bizantino estaba reducido ao territorio da cidade de Constantinopla. En 1453, tras un longo asedio, os **turcos**, baixo o mando do sultán Mehmet II, conquistaron a capital e o Imperio bizantino desapareceu.

IDEAS CLAVE

- Explica quen era o basileus e que papel desempeñou no Imperio bizantino.
- Analiza por que o reinado de Xustiniano e Teodora foi un período de grande esplendor para o Imperio bizantino.
- Describe como se produciu o declive deste Imperio. Cando desapareceu? Por que?

APRENDO A MIRAR

- Observa o mapa e enumera os territorios polos que se estendeu o Imperio bizantino.
- Nomea os territorios que conquistou Xustiniano.
- Sinala que territorios actuais de España foron conquistados polo Imperio bizantino.
- Fíxate na liña do tempo e calcula cantos anos durou o Imperio bizantino.



19. Sólidos bizantinos. Estas moedas de ouro foron a base do comercio mediterráneo nos primeiros séculos medievais.

5.- A evolución do Imperio bizantino

O Imperio bizantino é o imperio que se formou na parte _____ de Europa e é herdeiro do _____.

Durou máis de _____ anos. Aparece coa división do Imperio romano no ano _____ e remata no ano 1453

A **máxima autoridade** do Imperio bizantino é o _____ que tiña todo o poder político e o _____. Como se fora un emperador-papa. O basileus máis famoso chamábase Xustiniano.

Que fixo Xustiniano??

Viviu no século _____ e a súa esposa chamábase _____

O seu reinado foi a época de _____

Soñaba con _____ o Imperio romano e parecerse aos emperadores _____ así que se dedicou a derrotar aos _____ no norte de África, aos _____ na península itálica e ao _____ no sur de Hispania

A súa época , o século _____ foi moi _____ desde o punto de vista _____. A súa capital foi _____ e a actividade económica principal dos habitantes do Imperio foi _____ polo Mediterráneo. Empregaban unha moeda chamada _____

Pero o Imperio bizantino tiña moitos inimigos. Eran atacados polos _____ que eran os que ocuparon a península itálica despois dos ostrogodos.

Foron atacados e derrotados polos _____ en Hispania e **foron expulsados** do norte de África por outros inimigos que agora (século VII e VIII) se estendían por esa zona:

No **ano 1453** son atacados polos _____ dirixidos por Mehmet II e derrotaron definitivamente aos bizantinos.

A partir dese momento eses territorios pasaron a **pertencer aos turcos** e desapareceu o Imperio bizantino.



Unha sociedade xerarquizada e unha economía urbana

A sociedade bizantina caracterizábase pola súa estrutura piramidal.

Na cúspide estaba o **basileus**. Por debaixo, o **patriarca de Constantinopla** (máxima autoridade relixiosa), o **alto clero** e a **nobreza** palatina e militar. Posuían extensas propiedades.

O seguinte chanzo estaba formado polas persoas que se dedicaban á **artesanía** e ao **comercio**, os **soldados** e os **campesiños** e **campesiñas** libres.

A base ocupábanla os **servos** e **servas** e as **persoas escravas**. Pertencían á nobreza e ao clero e desempeñaban tarefas agrícolas e domésticas.

O Imperio bizantino herdou do Imperio romano a súa **organización eminentemente urbana**. Por iso, cidades como Constantinopla, Alexandria, Tesalónica, Damasco e Éfeso, seguiron a ter importancia e conservaron as súas funcións da época romana.

As cidades bizantinas eran importantes centros económicos e nelas estaban as institucións de goberno, do exército e dos bispados. Ademais, nelas concentrábanse os obradoiros artesanais e os mercados, e organizábase un intenso comercio exterior.

EXPLORA

Constantinopla, a nova Roma

Constantinopla foi construída polo emperador romano Constantino no 330, sobre o lugar que ocupaba a antiga Bizancio. Situada de forma privilexiada no estreito do Bósforo, controlou as rutas comerciais entre Europa e Asia. Contaba con diversos portos e a súa riqueza atraeu mercadores e viaxeiros de todo o mundo, que quedaron fascinados. En tempos de Xustiniano alcanzou o medio millón de habitantes.

Estaba protexida por un dobre cinto de murallas. Había maxestosos edificios públicos, como o palacio imperial; a basílica de Santa Sofía, levantada por Xustiniano; e o hipódromo, con cabida para unhas 100.000 persoas... Contaba tamén con grandes foros imperiais, como o de Constantino, e construcións imponentes, como a cisterna de Acacio para almacenar auga, que aínda se conserva. (20)

A túa investigación

- Observa o plano e indica cales eran os límites da cidade.
- Pescuda como se chama agora Constantinopla e desde cando o centro histórico da cidade é Patrimonio da Humanidade. Por que pensas que recibiu esta categoría?
- Investiga sobre a historia de Santa Sofía. Que funcións desempeñou ao longo do tempo?



20. PLANO DE CONSTANTINOPLA

As disputas relixiosas

A Igrexa exerceu un papel moi destacado na sociedade bizantina e foi motivo de numerosas disputas. Unha das máis importantes produciuse no século VIII, cando os emperadores **prohibiron o culto ás iconas** ou imaxes relixiosas porque consideraban que era idolatría afastada do auténtico cristianismo. (21) A disputa estableceu dous bandos moi marcados, os partidarios das iconas e os contrarios a elas, pero a presión dos monxes e dos grupos populares obrigou a derrogar a prohibición.


As diferenzas cada vez maiores entre o cristianismo romano e o grego conduciron en 1054 á crise máis profunda que viviu o Imperio bizantino, o **Cisma de Oriente**, que supuxo a ruptura definitiva entre a Igrexa romana, baixo a autoridade do papa, e a **Igrexa bizantina ou ortodoxa**, baixo a do **patriarca de Constantinopla**. Os monxes ortodoxos evangelizaron os pobos do leste de Europa.

A cultura e a arte

A sociedade bizantina mantivo inicialmente as formas de vida romanas, pero, tras o reinado de Xustiniano, foi adoptando elementos culturais gregos. Así, o **grego** substituíu o latín e a Igrexa bizantina foise afastando da Igrexa de Roma.

A localización xeográfica do Imperio e o seu desenvolvemento comercial facilitaron que recibise influencias culturais tanto de Europa occidental coma do mundo islámico e de Asia. Durante moitos anos foi o **centro cultural de referencia do Mediterráneo**.

Por outra banda, o Imperio bizantino desenvolveu unha **arte suntuosa**. Levantáronse igrexas con planta de cruz grega cuberta cunha cúpula, como a basílica de Santa Sofía. (22) Sobresaen tamén algunhas igrexas, como a de San Apolinar in Classe e a de San Vital, ambas en Rávena (Italia). Os edificios, sobrios no exterior, estaban ricamente decorados con **mosaicos** e **iconas** no interior. (15 e 21)



21. Icona da emperatriz Teodora e do seu fillo Miguel III.

IDEAS CLAVE

- Debuxa unha pirámide que represente os grupos sociais da sociedade bizantina.
- Explica o papel que desempeñaron as cidades no Imperio bizantino. Parecíase ao das cidades do antigo Imperio romano?
- Describe a arte bizantina.

APRENDO A MIRAR

- Observa o interior de Santa Sofía. Explica o que é unha bóveda e localízala na imaxe.
- Fíxate nos mosaicos de San Vital de Rávena da epígrafe cinco. Dirías que son exemplo dunha arte suntuosa? Por que?
- Observa e analiza a icona. Que representa? Que gama de cores se empregou?

22. Santa Sofía, en Istambul (Turquía).

6.- Como era a vida no Imperio Bizantino

Na sociedade bizantina, no **cumio** da pirámide social estaba o _____, por debaixo o _____ xa que era a **máxima autoridade relixiosa** e logo o _____ e os _____.

Na base da pirámide social estaban os _____, os _____ e os _____.

Por último os _____

Era unha civilización _____ como a romana, xa que a poboación vivía sobre todo nas cidades. Nas cidades estaban os obradoiros dos artesáns, as tendas dos comerciantes, os mercados, os que gobernaban, etc.

Unha das características máis importantes do Imperio bizantino é a súa relixión. Son cristiáns pero diferentes ao cristianismo de Occidente. O cristianismo de Oriente chámase Igrexa ortodoxa e a súa máxima autoridade é o _____

Cando comezaron a ser diferentes?



Pois no ano 1054 que se produciu o chamado **CISMA DE ORIENTE**. Cisma significa ruptura. Foi a ruptura entre as dúas igrexas e cada un ten rituais diferentes. Eles empregan o grego en vez do latín.

395: División do Imperio romano en dous imperios, feito polo emperador Teodosio

476: Fin do Imperio romano de Occidente

409: Entrada dos suevos, vándalos e alanos, na península ibérica

507: los visigodos entran na península

622: Hélixira, comezo calendario musulmán, nace o Islam

632: morte de Mahoma

732: Batalla de Poitiers

800: coronación de Carlomagno como emperador



843: Tratado de Verdún

1054: Cisma de Oriente


1258: fin imperio islámico. Fin abbasidas

1453: Caída de Constantinopla

Indica o que representan as imaxes e o texto





[...] Pareceulle ao papa León e a todos os presentes na asemblea que se encontraban, así como a todo o pobo cristián, que debían dar o nome de emperador ao rei dos francos, Carlos, que ocupaba Roma, onde todos os césares tiveran costume de residir, así como tamén Italia, a Galia e Xermania. Tras o consentimento previo de Deus omnipotente de colocar estes países baixo a súa autoridade, pareceu xusto [...] que levase en adiante o título imperial. Non quixo o rei Carlos rexeitar esta solicitude, senón que, someténdose con toda humildade a Deus, [...] recibiu este título e a consagración do papa León o día da Natividade do Noso Señor Xesucristo.



Annales Laureshamenses
(Adaptación)

13. Carlomagno.



PRÓXIMO EXAME
30 DE NOVEMBRO

Como naceu o islam?

O islam naceu no século VII, na península arábiga, un territorio árido e desértico situado entre o mar Vermello, o golfo Pérsico e o mar Mediterráneo. A rexión estaba habitada por pobos nómades de pastores, organizados en tribos fronteiradas entre si, sen un poder político que as unise. A maioría da poboación era politeísta e consideraba sagrada a cidade da Meca.

Nas terras da beira do mar Vermello, onde a menor dureza do clima permitía practicar a agricultura, situábanse as cidades de Medina e A Meca. Constituían destacados centros comerciais polos que pasaban as rutas de caravanas que transportaban especias, sedas e outros artigos de luxo de Oriente.

Na Meca vivía Mahoma, un comerciante de familia acomodada que comezou a predicar unha nova relixión, o islam, baseada na existencia dun único deus, chamado Alá. Os mercadores ricos da Meca consideraban a súa mensaxe unha ameaza para a orde social. Por iso, no ano 622 Mahoma tivo que fuxir a Medina. Esta viaxe recibe o nome de hégira e marca o inicio do calendario musulmán. Alí recrutou un exército e, oito anos despois, conquistou A Meca. Desde esta cidade expandiu o islam por toda Arabia. (24)

24. A EXPANSIÓN DO IMPERIO ISLÁMICO



23. Peregrinos camiño da Meca.

APRENDO A MIRAR

- Indica por onde se estendía o islam á morte de Mahoma.
- Describe que territorios controlou na súa máxima expansión.
- Sinala en que etapa chegou o islam á península ibérica.

Os fundamentos do islam

As predicacións de Mahoma recolléronse no Corán, o libro sagrado do islam. (40) Nel descríbense as cinco obrigas que todo crente debe cumprir:

- A **profesión de fe**, pola que o crente testemuña que «non hai máis deus que Alá, e Mahoma é o seu profeta».
- A **oración** cinco veces ao día.
- A **peregrinación** á Meca polo menos unha vez na vida. (28)
- O **xaxún** durante o mes de ramadán.
- A **esmola** para axudar as persoas necesitadas.

Ademais, o Corán inclúe normas para a vida cotiá; por exemplo, permite a poligamia e prohíbe comer carne de porco, beber viño e participar en xogos de azar.

A expansión do islam

As conquistas foron posibles grazas ao seu poderoso exército, no cal tivo gran peso a cabalaría. Na Idade Media, os musulmáns crearon un enorme imperio que atravesou tres etapas. (25)

Califato ortodoxo (632-661)

- Tras morrer Mahoma (632), o islam expandiuse a través da **xihad** ou guerra santa. Chegou á península arábiga, Persia e Exipto, e xurdiron os primeiros choques co Imperio bizantino.
- Os parentes de Mahoma gobernaban o Imperio desde **Medina**. Accederon ao poder por elección e adoptaron o título de **califa** (xefe político e relixioso). Os tres primeiros califas proclamáronse case unanimemente, pero o cuarto, Alí, foi asasinado no ano 661 e a familia Omeia tomou o poder.

Califato omeia (661-750)

- O título de califa fíxose hereditario, a capital trasladouse a **Damasc** e organizouse o territorio en **emiratos** ou provincias.
- Produciuse a **máxima expansión**: conquistáronse territorios desde Persia ata a península ibérica. O avance por Europa foi freado polos francos no ano 732.
- Unha rebelión dirixida por Abul Abbas (750) acabou con este período. A familia Omeia foi asasinada, agás o príncipe **Abderramán**, que fuxiu á península ibérica.

Califato abbásida (750-1258)

- A familia dos Abbásidas tomou o poder e instalou a capital en **Bagdad**. As loitas políticas aumentaron e o Imperio comezou a desintegrarse. Os Abbásidas perderon o control sobre moitos territorios, como al-Ándalus, na península ibérica. Entrementes, aumentaba a forza dos **turcos**, un pobo musulmán procedente das estepas de Asia.
- As cidades creceron e Bagdad converteuse nun gran centro comercial. En 1258, o exército mongol saqueou a cidade e matou o último califa abbásida.

25. AS ETAPAS DA EXPANSIÓN DO ISLAM



ESTO TEMOS RESUMIDO NAS PREGUNTAS DA LIBRETA ESTUDIA POLA LIBRETA E CONSULTA O LIBRO PARA ACLARAR DÚBIDAS

A DEBATE
 A doutrina relixiosa islámica e a cristiá parécense ou son realmente distintas? Argumentade as vosas opinións.

- IDEAS CLAVE**
- Explica o contexto en que naceu o islam.
 - Enumera as cinco obrigas dos fieis musulmáns.
 - Nomea as etapas da expansión do islam e destaca un feito de cada unha.

7.- O nacemento e a evolución do Islam

1.- Que é o Islam? Cando aparece e onde aparece?

O Islam aparece no século VII (622) na península arábica

2.- Describe os límites da península onde naceu o Islam

A península arábica é unha península árida que limita ao norte co deserto arábigo, ao leste co Golfo Pérsico, ao oeste con mar Vermello e ao sur co mar Arábigo

3.- Que tipo de relixión practicaban na península arábica antes de aparecer o Islam?

Os habitantes da península arábica eran politeístas, crían na existencia de varios deuses e a súa cidade sagrada era A Meca

4.- A que se dedicaban os habitantes desa península?

Os habitantes da península arábica eran pastores nómades, que vivían en tribus (case non hai cidades) e loitaban entre eles. Isto quere dicir que non tiñan un país; non eran unha nación na que todos estiveran gobernados por un monarca..

5.- En que parte se localizaban as cidades máis importantes e a que era debido isto?

As principais cidades da península arábica eran A Meca e Medina e estaban situadas no lado oeste desa península, cerca do mar Vermello. Isto era debido a que, nesa zona, o clima non era tan árido, era máis suave, e permitía que houbera agricultura e polo tanto que vivira máis xente, sen ter que ir dun lado para outro (como facían os pastores nómades)

MAHOMA=
profeta creador
dunha nova
relixión, o Islam.
O seu deus é Alá

6.- Mira o mapa da páxina 24 e indica por onde se estendía o islam á morte de Mahoma

O Islam nace no 622 e Mahoma morre no 632. Daquela, no momento da morte de Mahoma, xa había relixión islámica en case toda a metade da península arábica. En concreto, na parte **oeste e unha pequena zona no sureste**. Isto quere dicir, que aínda que ao principio Mahoma foi perseguido e non se aceptaba a súa nova relixión, logo, estendeuse moi rápido.

7.- Describe os territorios ocupados na súa máxima extensión

A relixión islámica no momento de máxima extensión ocupaba territorios desde a península ibérica, no oeste, ata o río Indo (territorio de Persia) no leste, incluído o norte de África. É dicir, a maior parte dos habitantes destas terras eran islámicos (musulmáns)

8.-Que é a hégira? Por que é importante?

A Hégira é o nome que recibe a FUXIDA de Mahoma cando vai da cidade da Meca ata Medina para refuxiarse en Medina. Esta fuxida prodúcese no ano 622 e para os musulmáns (islámicos) é unha data importante xa que eles **comezan o seu calendario aquí**.

9.-Onde tivo que organizarse Mahoma para poder estender o islam?

Na cidade de Medina. Por que na Meca era perseguido polos ricos comerciantes aos que non lles gustaba a nova relixión que predicaba Mahoma (ía en contra dos seus intereses) . En Medina, Mahoma, encontrou xente que o apoiaba e formou un exército poderoso e comezou a conquistar territorio.

10.-Sinala cales son os 5 preceptos (obrigas) que ten un crente do islam? Cal é o seu libro sagrado?

- 1.- **a profesión da fe (ter fe, creer)** que significa que cres no que dí Mahoma
- 2.- rezar cinco veces no día
- 3.- Ir á Meca unha vez na vida
- 4.- Xaxún no mes de Ramadán
- 5.- dar esmola

11.-Que necesitou Mahoma para estenderse polo mundo? **Un poderoso exército (e motivado) co cal creou un poderoso imperio**

12.- En que tres etapas se divide o Imperio islámico? De cando a cando se estende? **Califato ortodoxo, califato omeia, califato abbásida. (622-1258)**

PARTES DUNHA MESQUITA= lugar de reunión relixiosa para orar, para escola e espazo de encontro

Estudar as partes da mesquita cos nomes árabes. Telos na libreta

KIT DE FERRAMENTAS

Analizar o edificio da mesquita


A **mesquita** é a construción islámica máis significativa. É o lugar en que se reúnen os fieis para orar, pero tamén se empregaba como escola e espazo onde se difundían as noticias de interese xeral.

Todas as mesquitas teñen forma cúbica, que lembra o santuario da **Kaaba** (A Meca), o lugar máis importante de peregrinación do mundo islámico, e presentan a mesma estrutura, inspirada na casa de Mahoma en Medina. (36)

- **Patio rodeado de columnas.** (A) Contén a **fonte** onde os fieis se purifican antes de entraren a orar.
- **Sala cuberta para a oración.** (B) No seu interior sitúase o muro da **alquibla**, (C) orientado cara á Meca, e, neste, un nicho baleiro chamado **mihrab**. (D) Preto atópase o **mimbar** ou púlpito. (E)
- Hai un ou varios **minaretes**. (F) Desde eles, o muecín convoca os fieis para rezaren en común.

É a túa vez

- Fíxate no debuxo da mesquita. Que partes identificas?
- Busca imaxes da mesquita de Alí, situada en Nayaf (Iraq), e describe, a partir delas, como é a estrutura dunha mesquita.
- Pescuda cando se construíu esta mesquita e a quen está dedicada.



Patio de mesquita, **SHAN**,
ten unha fonte para
purificarse



Reconocer as fotos
que temos neste
power coas partes
da mesquita

MINARETE



MIMBAR, é un púlpito para dirixir as oracións





MIHRAB = nicho onde se colocaba o Corán

Está situado na QUIBLA, muro final da mesquita





HARAM, sala de oración



Partes de una Mezquita

La **mezquita** es lugar de culto, de estudio de los textos coránicos y de reunión de los musulmanes. Los creyentes acuden a ella, especialmente el viernes, para realizar sus oraciones. Su estructura es muy simple: un gran **patio** abierto, una **sala de oraciones** y un **minarete**.

qibla: muro orientado hacia La Meca. Señala la dirección en que deben situarse los creyentes para orar


mihrab: capilla situada en la qibla

minarete: torre desde la que se llama a la oración


mimbar: púlpito donde se sitúa el imán para dirigir la oración

sala de oraciones: dividida en naves sustentadas por columnas que miran a la qibla

fuelle de las abluciones: para purificarse antes de la oración



La Mezquita



ETAPAS DA EXPANSIÓN DO ISLAM

Estudar. Telo na libreta

	CALIFATO ORTODOXO	CALIFATO OMEIA	CALIFATO ABBÁSIDA
QUEN MANDA?	Parentes de Mahoma califas	Familia Omeia, califas	Familia Abbásida, califas
CRONOLOXÍA	632-661	661-750	750-1258
CAPITAL	Medina	Damasco	Bagdad
CONQUISTAS	Toda Arabia Persia Exipto	Desde a península ibérica no oeste ata o resto de Persia no leste. MÁXIMA EXPANSIÓN	Vai perdendo territorios
COMO REMATA?	Asasinato do último califa	Asasinato da familia Omeia agás o príncipe Abderramán que fuxe ata península ibérica. Foi dirixido este ataque por Abu Abbas	O exército mongol destrúe a capital e ao último califa

Grandes avances científicos

A ciencia recibiu un forte pulo na civilización islámica. Os musulmáns trouxeron da India e da China o **papel**, a **pólvora** e instrumentos de navegación como o **compás** e o **astrolabio**. A eles débémolles tamén innovacións na agricultura, como a introdución da nora e o muíño de auga, a difusión de sistemas de rega baseados en canles e novos **cultivos** (arroz, laranxa, azafrán...).

Producíronse, ademais, avances en diferentes áreas:

- En **astronomía** elaboráronse catálogos de astros e construíronse observatorios nas cidades máis importantes: Bagdad, O Cairo, Toledo, Córdoba...
- En **matemáticas** os musulmáns difundiron o uso do cero, inventaron a álgebra e perfeccionaron a aritmética e a trigonometría.
- En **medicina** empregaron avanzadas técnicas de cirurxía e anestesia, que coñecemos grazas ás obras de grandes médicos, como Avicena (33) e Averroes, entre outros.
- En **química** descubriron o ácido sulfúrico e o ácido nítrico e desenvolveron os primeiros métodos de destilación do alcohol.



33. Ilustración no libro de *O Canon de medicina*, obra de Avicena.

IDEAS CLAVE

- Cita exemplos que poñan de relevo o desenvolvemento científico e cultural da civilización islámica medieval.
- Describe como é a arte islámica.



34. Bóveda islámica do século XII.

O desenvolvemento cultural e artístico

A expansión do islam puxo en contacto a persoas con linguas, formas de vida e crenzas diversas. Ademais, o **árabe** impúxose como vehículo de comunicación por ser a lingua en que estaba escrito o Corán.


Os musulmáns traduciron ao árabe moitas obras gregas e romanas, e escribiron libros de viaxes, xeografía, historia... Sobresaíron na creación de fábulas e contos curtos, como *As mil e unha noites*, con relatos procedentes de distintas épocas e lugares.

Tamén cultivaron a poesía, onde destacaron Al-Mutanabbi e Wallada bint al-Mustakfi. Nas **bibliotecas** de Bagdad, Córdoba e O Cairo almacenouse todo o saber.

Na arte, a **arquitectura** é a manifestación máis abundante. Con materiais pobres (ladrillo, xeso...) construíron **mesquitas**, **palacios** e **madrasas** ou escolas. (35) Empregábanse columnas e piares, gran **variedade de arcos** e **bóvedas** (34) e **teitos planos** de madeira.

A decoración realizábase con motivos xeométricos (**lazaría**) (A), vexetais (**ataurique**) (B) e **inscricións**. Tamén se valían de celosías, vidreiras e azulexos para crear xogos de luz e sombra. A **auga** era un elemento estético: xogábase co seu son, o seu reflexo e a súa simboloxía.

As chamadas **artes menores**, como a cerámica, o vidro esmaltado, o marfil e o coiro, alcanzaron un gran desenvolvemento.



35. Decoración de lazaría (A) e ataurique (B) na madrasa de Abu al-Hassan (Marrocos).

36. A MESQUITA

KIT DE FERRAMENTAS

Analizar o edificio da mesquita




A **mesquita** é a construción islámica máis significativa. É o lugar en que se reúnen os fieis para orar, pero tamén se empregaba como escola e espazo onde se difundían as noticias de interese xeral.

Todas as mesquitas teñen forma cúbica, que lembra o santuario da **Kaaba** (A Meca), o lugar máis importante de peregrinación do mundo islámico, e presentan a mesma estrutura, inspirada na casa de Mahoma en Medina. (36)

- **Patio rodeado de columnas.** (A) Contén a **fonte** onde os fieis se purifican antes de entraren a orar.
- **Sala cuberta para a oración.** (B) No seu interior sitúase o muro da **alquibla**, (C) orientado cara á Meca, e, neste, un nicho baleiro chamado **mihrab**. (D) Preto atópase o **minbar** ou púlpito. (E)
- Hai un ou varios **minaretes**. (F) Desde eles, o muecín convoca os fieis para rezaren en común.

É a túa vez

- **Fixate** no debuxo da mesquita. Que partes identificas?
- **Busca** imaxes da mesquita de Alí, situada en Nayaf (Iraq), e **describe**, a partir delas, como é a estrutura dunha mesquita.
- **Pescuda** cando se construíu esta mesquita e a quen está dedicada.



8.- A sociedade e a economía islámica

Completa o texto

PODER POLÍTICO


A **máxima autoridade** no Imperio islámico é o _____ que exercía o poder político e _____ e contaba cun poderoso _____. Era o encargado de elaborar as _____.

Estaba asesorado, axudado, por:

- Os _____ que se encargaban de gobernan nas provincias
- Os _____ que se encargaban da xustiza aplicando as leis do Corán
- Os _____ que eran como ministros ou conselleiros do califa

Tamén eran axudados polos _____ eran príncipi ou nobre, familiares do califa que eran os VALÍS dalgún territorio e contaban con poder militar


A SOCIEDADE



A política e a sociedade estudiámola con esta folla. Podes, se queres ler o libro e completar ou aclarar dúbidas

9.- Ciencia, cultura e arte na civilización islámica

PRINCIPAIS APORTACIÓN DOS MUSULMÁNS



ARQUITECTURA

MATERIAL

TIPOS

ARCOS

TEITOS

DECORACIÓN

AUGA

Estudar, telo na libreta feito. O punto 9 estudialo por este exercicio. Se queres ler o libro para completar algo, podes



Alhambra de Granada,
Patio da Alberca

Tes que
recoñecer esta
imaxe e
identificar
elementos da
arquitectura
islámica



Tes que
recoñecer esta
imaxe e
identificar
elementos da
arquitectura
islámica.

Resumo. O inicio da Idade Media. Os novos centros de poder (III) **Santillana**

O islam naceu no século [] na península []. A maioría da poboación era []. Medina e [] eran as cidades máis importantes. [] foi un comerciante que comezou a predicar unha nova relixión, o [], cun só deus, []. Fuxiu a [] no ano 622. Esta data denominouse [] e marcou o inicio do calendario musulmán. O [] é o libro sagrado do islam e nel recóllense os fundamentos da relixión musulmá. As obrigas que deben cumprir os fieis son cinco: profesar a [], orar [] veces ao día, [] á Meca polo menos unha vez na vida, o xaxún durante o mes de [] e dar a [] ás persoas necesitadas. Os [] crearon un grande imperio que atravesou diferentes etapas: o califato ortodoxo (632-661), o califato [] (661-750) e o califato [] (750-1258).

A organización política do Imperio islámico foi a seguinte: o [], que era a máxima autoridade, os visires, os cadis e os []. O [] era un príncipe ou nobre, valí dunha provincia con poder militar. O [] defendía as fronteiras do Imperio. A sociedade islámica era desigual, xa que convivían persoas de distintas [] (musulmá, xudías e cristiás) e [] (bérberes, árabes, eslavas etc.), aínda que principalmente destacaba unha división social por criterios []. A [] tivo un forte impulso. En [] elaboráronse catálogos de astros. En matemáticas, iniciaron o uso do [] e inventaron a []. En medicina, destacaron as obras de grandes médicos como [] e Averroes. En química, desenvolveron os primeiros métodos de destilación do []. Tamén trouxeron de India e China a [], o compás e o []. Innovaron en [], estendendo sistemas de rega baseados en [] e canles e inventaron a [], os muíños de auga e novos cultivos. Na arte islámica destacou sobre todo a []. Construíron [], palacios, madrasas ou escolas e pousadas, e usaron materiais [], columnas, piares e unha gran variedade de []. Decoraban os edificios con motivos xeométricos ([]), vexetais ([]), inscricións, celosías, vidreiras e []. A [] era un elemento estético polo seu son, reflexo e simboloxía. A [], o vidro esmaltado, o marfil etc., alcanzaron un gran desenvolvemento.

Este exercicio corrixido en
clase como repaso final.
Estudar. Telo na libreta

ciencia	A Meca	cerámica	califa	ataurique	agricultura	Avicena
alcohol	Alá	Corán	arcos	fe	exército	esmola
arábigo	islam	ethnias	VII	emir	cinco	valís
mesquitas	abbásida	astrolabio	azulexos	Medina	alxibes	relixións
hélixira	peregrinar	astronomía	álgebra	musulmáns	politeísta	económicos
pobres	arquitectura	Mahoma	auga	cero	ramadán	omeia